

ODS e Cambio Climático: os mitos do “crecemento verde”

· **Belén Puñal**

Universidad Estatal de Milagro, Ecuador



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, Manuel Casal Lodeiro, Belén Puñal e Xabier Vázquez Pumariño.

NOTAS BIOGRÁFICAS

Belén Puñal é doutora pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e profesora na Universidade Estatal de Milagro. É membro do grupo de investigación ‘Comunicación, Comunidade e Cambio Social’ e colaboradora do grupo de investigación CIDACOM (Cidadanía e Comunicación) da USC. Investigou fundamentalmente sobre Comunicación e Xénero e Comunicación Comunitaria.

Contacto: apunalar@unemi.edu.ec

Xabier Vázquez Pumariño é biólogo ambiental, implicado no movemento ecoloxista dende principios da década dos 80. Traballa como consultor ambiental dende Santiago de Compostela en diferentes eidos, dende a ornitoxía ao desenvolvemento sostible e a cooperación ao desenvolvemento en diferentes países latinoamericanos.

Contacto: XabierPV@gmail.com

Manuel Casal Lodeiro desenvolve dende hai anos unha intensa actividade como divulgador das problemáticas derivadas do teito do petróleo e impulsor do decrecemento e dunha transición a un mundo postpetróleo. Impulsou así mesmo diversas iniciativas, como o Instituto de Resiliencia, o colectivo Véspera de Nada ou a publicación 15/15\15 (Revista para unha nova civilización).

Contacto: casdeiro@degalicia.org



É posíbel un desenvolvemento que sexa sostíbel? Podemos seguir a medrar sen que o mundo colapse? Ten sentido, polo tanto, o propio concepto de Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel? Esta é outras cuestións foron abordadas nesta conversa con dous activistas galegos de fondo compromiso ambiental, Xabier Vázquez Pumariño e Manuel Casal Lodeiro, tamén coñecido nas redes como “Casdeiro”. Un diálogo a tres bandas que houbo de desenvolverse por videoconferencia no mes de setembro de 2020, en pleno contexto pandémico e cos incendios devastando o planeta. Ao longo das seguintes liñas, que procuran sintetizar o que se falou nesa case hora e media que compartimos, percorrерemos cuestións como as iniciativas comunitarias ao redor da loita contra o cambio climático, ou as incoherencias das políticas e estratexias que din querer facerlle fronte, dende o ámbito máis local até o global.

- *Que tipo de iniciativas populares existen ao redor da loita contra o cambio climático e o decrecemento en Galiza?*

Manuel Casal Lodeiro: Entre as iniciativas máis recentes, as máis coñecidas poden ser a póla galega de Fridays for Future (da xente máis nova, o que a fai moi interesante, aínda que moi minoritaria), e tamén Extinction Rebellion ou o Movemento Galego polo Clima, que naceu en 2019..

Xabier Vázquez Pumariño: A reivindicación do cambio climático vén dos anos 80 aínda que moitas veces se esquece. Hai no movemento ecoloxista un certo adanismo. Cada xeración crea o seu propio marco, sen ter en conta a traxectoria anterior, o que vemos en Extinction Rebellion ou Fridays for Future. Iso é así, non polas características do propio movemento, senón porque os medios de comunicación pechan moito dese adanismo constante e así é que non se fan eco até que emerxe a figura de Gretha Thunberg.

MCL: Entre as iniciativas máis novas e as máis antigas, xorde “Véspera de nada. Por unha Galiza sen petróleo”, que deu o pistoletazo de saída a iniciativas vencelladas ao decrecemento, un tema aínda máis agochado porque non temos unha Gretha Thunberg. Hai tamén colectivos recentes como o Centro de Saberes para a Sustentabilidade, unha rede que conta co

recoñecemento da Universidade das Nacións Unidas, e da que foman parte colectivos como a Fundación Montescola, que traballan dende a práctica, e o Instituto Resiliencia, con publicacións de ámbito estatal. De todos os xeitos, atopámonos cun problema típico en Galiza: que estamos cada un polo noso lado, moitas veces na mesma dirección sen coordinarnos.

XVP: É un problema que transcende a moitas máis ámbitos, dende o mundo da cultura a calquera outro tipo de iniciativas. Penso que é porque este é un país descompuesto. Non podemos esquecer que nos últimos dez anos marcharon de Galiza máis de 300.000 persoas, e que marcha quen ten máis iniciativa.

MCL: É un problema cultural.

- *Nas iniciativas populares tamén poden ir iniciativas que animan a outro modo de vida posible, como cooperativas de consumo sostible.*

MCL: Lembro agora a Universidade Rural Galega, que ten en común co proxecto Ronsel, da Universidade de Vigo, o interese pola conservación dos saberes tradicionais. Por outra banda, todo o mundo da agroecoloxía

teríamos que estalo poñendo en valor como punta de lanza contra o cambio climático e non plantar eucaliptos como vén na estratexia da Xunta.

- *Xabier, ti cres que de maneira intencionada houbo iniciativas populares que foron silenciadas? A que atribúes ese interese recente dos medios polos movementos que loitan contra o cambio climático?*

XVP: O movemento ecoloxista ten unha axenda moitísimo máis adiantada cá da sociedade actual. De todo isto empezouse a falar seriamente xa nos anos 80. A inercia económica, ideolóxica e social de cada momento arrastra un peso morto que lle impide avanzar á velocidade á que deberíamos.

MCL: De todas as maneiras, creo que hai algo de silenciamento expreso. Os medios de comunicación están dirixidos por certos intereses, que son contrarios ao que estaba propoñendo o movemento ecoloxista.

XVP: Hai unha parte provocada. Isto lévame a unha crítica non só aos medios de comunicación senón á profesión en xeral do xornalismo. Saben algo de ciencia ou non?

“Galiza é un sitio profundamente conservador. O movemento de base sobre o cambio climático e o decrecemento non atopa ningunha expresión na clase política”

Xabier Vázquez Pumariño

MCL: E tamén está a responsabilidade da clase política.

- E a saúde deste tipo de iniciativas con respecto á saúde en Galiza en comparanza aos movementos de iniciativa popular fóra, cal diríades que é?

XVP: Galiza é un sitio profundamente conservador. O movemento de base sobre o cambio climático e o decrecemento non atopa ningunha expresión na clase política. En termos xerais está anquilosada a principios dos anos 70 ou dos 80, na idea dunha especie de Arcadia feliz, con máis industria, crecemento económico sen par e utilización até a náusea dos recursos naturais.

MCL: E de feito imos cara atrás, porque na anterior lexislatura cando menos tiñamos un parlamento decrecentista, Antón Sánchez, e agora xa non temos ningún. Hai un pensamento único a favor do crecemento, da industrialización. O cambio climático está ausente do debate político a non ser cando toca. Non entra na cabeza que é algo que afecta todo. Xabier falaba de carencias de formación científica no mundo xornalístico pero no mundo político é aínda máis grave. E unha ignorancia alimentada a outra.

“Comezaría desbotando nos ODS o propio concepto de desenvolvemento sostible porque o primeiro obxectivo debería ser decrecer, e o desenvolvemento sostible enténdese como crecemento”

Manuel Casal Lodeiro

XVP: Os políticos que agora están mandando foron educados na transición, e non teñen formación científica de ningún tipo, non entenden o que é o feito científico. É un fracaso do sistema educativo no seu conxunto. E de aí o fracaso do sistema xornalístico e dos medios de comunicación, dos propios políticos e da sociedade que non entende temas moi básicos, dun nivel de física de Primaria.

MCL: Cando alguén chega a unha responsabilidade pública ten que recoñecer as súas carencias e acudir á xente que sabe. Énchense a boca falando de ciencia e de innovación pero despois fan todo o contrario á mensaxe máis básica que lles está dando a ciencia: que hai que deixar de crecer porque senón todo isto se emborralla. É un dobre pensamento absoluto.

- Credes que o discurso político se está a construír ao redor dunha serie de mitos sen base científica?

MCL: Xa o informe Meadows alertaba nos anos 70 sobre os límites do decrecemento, que xerou

un debate que hoxe sería impensábel. Aquel informe acertou nas predicións do que ía suceder se non se actuaba de acordo a unha serie de modificacións sistémicas, mais hoxe en día para nada temos ese debate. Está presente un pensamento máxico no que son compatibles a dixitalización e a ecoloxía, sempre unidas na mesma frase, escoitemos a Pedro Sánchez, a Feijóo ou ao presidente do consello das Nacións Unidas. Un pensamento único que pensa que é posible un avance na industrialización, no dixital, coa conservación do medio ambiente e coa loita contra o cambio climático. Jorge Riechmann, que reflexionou moito acerca do colapso, exprésao moi ben. Calquera que pase dez minutos botando contas dáse conta de que isto é insostible.

- Un denominador común é falar de crecemento verde. Ten sentido xuntar esas dúas palabras: crecemento e máis verde?

XVP: O Green New Deal para o crecemento verde contradíse coas leis da física. Fálase constantemente da economía circular, mais para manter iso fai falta enerxía, e de onde a sacamos? Non me cabe dúbida de que imos ter unha tecnoloxía mellor da que tiñamos pero iso non vai chegar para manter un planeta, dentro de pouco, con 8.000 millóns de persoas, e nun momento no que imos necesitar moitos cartos para solucionar cousas, como puidemos ver coa pandemia. Non podemos pensar que imos crecer cando todos os recursos son decrecentes. Se mantemos o número de recursos e a enerxía constante nos próximos anos, aumenta a poboación e as demandas son maiores, vaise polarizar de xeito extremo a sociedade entre xente moi rica e con moi pouco acceso a fontes de enerxía. Que se fale de crecemento verde, non. Deberíamos falar en todo caso de decrecemento verde.

MCL: Falar de transición ou economía verde paréceme case até ridículo. Unha situación de crecemento finito ao final lévate a ter que repartir doutra maneira. Este famoso lema de “non deixar ninguén atrás”, que significa? Onde é atrás? Onde é diante? Estamos outra vez co mito do progreso. Igual os que temos que ir para atrás somos todos, gastando menos enerxía. Seguir coa mesma cota de recursos enérxicos e materiais per capita nos países occidentais significa quitarllelos aos outros países. Esta é a

base do decrecemento: decrecemos nós para que poidan crecer un pouco outros. Se reparásemos a enerxía per capita que hai de maneira equitativa entre todos os seres humanos que hai e previsibles nun futuro, quedaríamnos nun nivel moi parecido ao que pode ser Cuba ou Costa Rica.

XVP: Iso ponnos, no eido local, fronte ao espello da contradición. Todo este cambio tecnolóxico que se supón que ten que haber detrás dun crecemento verde require novos materiais. O famoso coche eléctrico tamén require enerxía e novos materiais. Enfadámonos moito cando nos din que nos van poñer unha mina de cobre ao lado da casa mais non temos ningún problema en dicir que ogallá puideramos utilizar un coche eléctrico.

MCL: O discurso móvese en lugares comúns, e podemos acudir ao Parlamento galego como exemplo. Poden darlle máis ou menos voltas ao que significa a economía circular, á dixitalización da economía, da industrialización, pero non poñen en dúbida que iso sexa factible. Habería que negar a maior. A maior parte do que se está a debater non ten un fundamento sólido na realidade física.

- Sen diferencias entre discursos de dereitas e de esquerdas?

XVP: É que son pensamentos moi de dereitas. É unha especie de hexemonía ideolóxica imposta por unha lóxica económica crecentista baseada no pensamento máxico do crecemento infinito.

- Que valoración facedes da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050?

XVP: Existe o mito de que en Galiza sobra enerxía malia a sermos brutalmente dependentes. Hai moita disociación de ideas. Pensamos que o cambio climático e a enerxía é unha cuestión illada do resto de actividades políticas que hai no país, mais non se me ocorre unha soa política pública en Galiza que non sexa dependente de enerxía, dende a cultura até as políticas rurais, agrícola, gandeiras, forestais...

- Falta transversalidade...

XVP: Son conceptos demasiado avanzados para o punto no que estamos. O que falla simplemente é un coñecemento científico básico do

nivel do ensino primario á hora de deseñar unha política.

MCL: Un plan de enerxía debería empezar dicindo canta enerxía necesita cada sector da economía e da sociedade galega. Imos seguir tendo esta enerxía? De que fontes? As renovables até onde van chegar? A que usos imos darlles prioridade na electricidade e iso como vai afectar á sanidade, ao sistema educativo, ao cultural, a todos os aspectos da sociedade? Un plan contra o cambio climático tería que ter en conta que esa enerxía fose, no mínimo, dependente ou xeradora de carbono. Nesta estratexia non hai ningunha mención á dependencia do petróleo. A Xunta di que imos solucionar o cambio climático sendo máis eficientes, e ignora que as melloras de eficiencia nunca se reflectiron nun descenso do consumo enerxético nin das emisións a non ser que haxa unha xestión da demanda, unha planificación da economía, algo tabú para o PP, que tamén parece selo para os outros grupos.

- Antes facías referencia á presenza que os eucaliptos teñen nesta estratexia...

MCL: Na estratexia dísenos que imos capturar o carbono nos montes cunha serie de plantacións que, lendo entre liñas, vese que son monocultivos, como o eucalipto, destinados a uso industrial, a pasta de papel. Necesitáramos varias Galizas cheas non só de eucalipto senón de bosques caducifolios autóctonos que capturan moito máis carbono no solo. E aínda así pretenden ser neutrais para dentro de 30 anos! E o increíble é que a oposición non lles saque as cores. Terían argumentos máis que de sobra se preguntan ás universidades, mais creo que teñen bastante medo escénico porque os descolocaría no seu propio discurso.

XVP: Unha estratexia que estea segregada do resto de actividades económicas, sociais e políticas non ten ningún sentido. Isto amósase cando España e a UE están asinando tratados internacionais de comercio con Mercosur ou con Xapón, e ao mesmo tempo pretenden reducir emisións. Eses tratados internacionais levan consigo un incremento obvio de emisións de CO2. Poño un exemplo. En Melide vense constantemente camións cargados de soia transxénica procedentes na súa maioría de Arxentina, Uruguai e Brasil, e iso vai para as granxas galegas, onde se produce unha carne que maioritariamente se exporta a China a moi

“Está presente un pensamento máxico no que son compatibles a dixitalización e a ecoloxía, sempre unidas na mesma frase, escoitemos a Pedro Sánchez, a Feijóo ou ao presidente do consello das Nacións Unidas”

Manuel Casal Lodeiro

baixo prezo ou a Rusia. Iso é o tratado internacional. Iso é cara a onde vamos.



Ilustración de Txus Cuende para 15-15-15.org

- Nesta mesma semana na que se está a celebrar esta conversa tamén foi aprobado en España o Plan nacional de adaptación ao cambio climático para o período 2021-2030...

XVP: Se España continúa na UE e a UE continúa facendo tratados internacionais, dá igual calquera plan que se poida facer por moi boa intención que teñamos. Non deberíamos ter tratados internacionais de comercio.

MCL: O punto primeiro de calquera plan de loita ou adaptación ao cambio climático debería ser deixar de crecer, eliminar o obxectivo de facer aumentar o PIB. A partir de aí, debería verse como se decrece dunha maneira sustentable e xusta, non só no contexto interno senón tamén internacionalmente. Teño a sensación de que moitas veces, cando se fala de transición xusta, só se pensa na cidadanía do estado español, e iso é xusto co resto do mundo? Se pretendemos ir a iso que chaman unha economía 100% renovable, imos ter que arrasar con todo o litio e o cobalto e non vai quedar nada para os outros países. Por outra banda, un plan de acción contra o cambio climático debe ter en conta a resiliencia, o aceptar que boa parte da península se vai desertificar en cuestión de poucas décadas e o que iso que vai implicar a nivel demográfico, de conflitos e xestión de recursos. Todo o que non sexa iso paréceme aspirinas para o cancro.

- Que podemos aproveitar e que debemos desbotar dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible?

XVP: Hai contradicións. O obxectivo 13 fala de acción climática e o 7 de enerxía limpa e abordable. Está moi ben ter enerxía limpa e abordable para todos pero en que cantidade para cada cidadán, supoñendo ademais que todos debemos ter dereito a unha cantidade máis ou menos similar? Ao mellor nos temos que poñer no escenario de Costa Rica, Cuba, ou Burkina Faso. E iso son cuestións que ninguén quere abordar. O obxectivo 8 fala de traballo decente e de crecemento económico, e entra en contradición con todos os demais. O número 14 fala da vida da auga. Co crecemento económico imos ter auga limpa para todos e canta? O obxectivo 15 aborda a biodiversidade mais non podemos ter biodiversidade se estamos falando de incrementar o crecemento económico. No obxectivo 5 fálase de igualdade de xénero. En canto hai unha crise económica e, por tanto, menos recursos dispoñibles enerxéticos, quen sae perdendo sempre de xeito brutal, en calquera país, son as mulleres, que se volven nunha especie de pequenas unidades enerxéticas que proveen o resto da comunidade. O obxectivo número 1 dos ODS debera ser precisamente o decrecemento, para ter máis equidade de xénero, máis biodiversidade, auga limpa para todos, non danar máis o clima, etc. Fálase de acción climática pero ao mesmo tempo non se

recoñece o problema que xa hai de cambio climático. Con liberalismo económico e un crecemento deste tipo non podemos ter institucións fortes, paz, xustiza, porque os recursos non poden estar distribuídos de xeito uniforme en todos os estados.

MCL: Comezaría desbotando o propio concepto porque, como dicía Xabier, o primeiro obxectivo debería ser decrecer, e o desenvolvemento sostible en-téndese como crecemento. Ademais, paréceme inconcibible como se mesturan medios e fins. Hai moitos ODS que son claros obxectivos que calquera persoa decente debería asumir, pero hai outros que son meros intermedios para conseguir supostamente os outros. Por exemplo, o obxectivo da industrialización, o do traballo, o da innovación. Pódese vivir ben sen traballo, como fixeron moitos pobos. Ou sen industria, ou só coa industria que nos faga falta pero non con máis industria como un obxectivo bo en si mesmo. O mesmo ocorre con considerar máis innovación como un obxectivo bo en si mesmo. Moita innovación ten traído resultados moi

“Se España continúa na UE e a UE continúa facendo tratados internacionais, dá igual calquera plan que se poida facer por moi boa intención que teñamos. Non deberíamos ter tratados internacionais de comercio”

Xabier Vázquez Pumarino

negativos para o planeta. Habería que desbotar o obxectivo do crecemento económico. En primeiro lugar, porque é imposible e en segundo lugar porque non é un obxectivo en si mesmo, e o mesmo poderíamos dicir da industria.

- É un lugar común no debate público e político incidir na responsabilidade individual. Até que punto os comportamentos individuais poden traer cambios sen un cambio de modelo?

XVP: Pensar que un problema global pode ser solucionado coa suma de pequenos actos individuais só nos leva á frustración, o que o volve un pensamento desmobilizador. Ese pensamento vén daqueles sectores que queren desmobilizar, dende a clase política, dende os partidos maioritarios, dende estruturas do estado moi comprometidas co crecemento económico, con esta pseudoindustrialización, co Green New Deal, cos medios de comunicación, que son un brazo armado ideolóxico do poder económico, dos bancos. En España a maior parte de medios de comunicación están en mans de determinados bancos, que á súa vez están participados por constructoras ou viceversa, que á súa vez teñen intereses en fondos de inversión internacionais. E é así que non se comenta que non imos solucionar o cambio climático con pequenas accións individuais, que hai que cambiar as estruturas e iso só se consegue de xeito colectivo.

“Se mantemos o número de recursos e a enerxía constante nos próximos anos, aumenta a poboación e as demandas son maiores, vaise polarizar de xeito extremo a sociedade”

Xabier Vázquez Pumarino

- O correlato da responsabilidade individual é a chamada responsabilidade social no eido empresarial. Vemos como mesmo hai empresas enerxéticas que se venden como empresas verdes...

MCL: Aínda que é certo que cos cambios individuais non se vai solucionar o problema, tampouco se vai solucionar sen eles. Non o deberíamos facer tanto por pragmatismo senón que debería ser unha cuestión ética: facémolo porque hai que facelo. Se se fai dende a ética, pódese facer dunha maneira máis escudada contra ese marketing verde, sendo conscientes de que con iso só non se vai solucionar pero practícase co exemplo e iso forma parte do cambio cultural. Vale, eu estou facendo isto porque teño que facelo, e a parte vou intentar construír solucións comunitarias, incidir no estado por medio dos partidos políticos que leven este discurso, ser o máis autosuficiente posible, deixar de traballar con empresas que

vendan ese marketing verde... Unha postura máis radical pero máis baseada nos valores.

- Fálase do colapso civilizatorio. Problemas cada vez máis graves como os incendios a grande escala que estamos a sufrir estes días nos que celebramos esta conversa son anuncio dese colapso civilizatorio?

XVP: Hai dúas velocidades para pensar nos incendios. Por unha banda, está a velocidade clásica, que incide na responsabilidade das políticas territoriais. Mais agora o problema é que o cambio climático está xa actuando dun xeito moi claro. O discurso de que hai que solucionar o problema abordando as políticas forestais valía hai 20 anos, mais a día de hoxe estamos noutro nivel. Por outra banda, a xente aínda non caeu na conta de que os incendios forestais se apagan con petróleo. Cada vez que arde un grupo de hectáreas a cantidade de petróleo, en forma de gasoil e queroseno invertida, é brutal. Ao final é gasto público para mans privadas. É unha forma de liberalismo moi peculiar a que existe en Galiza. No momento en que necesitamos ese petróleo para outras cousas, como por exemplo, un grupo electróxeno para manter un hospital, ao mellor imos deixar queimalo todo. E poderíamos falar da resiliencia que ten a vexetación natural fronte a vexetación cultivada en forma de cultivos intensivos, como

piñeiros e eucaliptos.

- Loitamos contra o colapso ou asumímolo como inevitable?

MCL: Son partidario de asumilo como inevitable, definindo de modo o claro o que é, véndolle o lado bo. No caso galego non o temos tan mal. Penso que imos ser receptores de moitísima xente que veña refuxiada por cuestión do clima e de desertificación da Península Ibérica. Coido tamén que se liberarían moitísimos recursos. Deixariamos de desbotar cantidades inxentes de enerxía e diñeiro público en cousas que non teñen futuro, como rescatar aeroportos, liñas aéreas, a industria do automóbil ou do aluminio. Aquí non podemos ver o colapso da civilización industrial igual ca en Madrid, en Nova Iorque ou Bombai. Aquí temos certo contacto xeracional con outro tipo de vida, e aínda podemos recuperar un pouco esa parte boa que tiña a Galiza de antes. Liberariámonos dun enorme peso cultural e económico, e mesmo político. Mais

calquera dé ese paso. Andamos moitos dando algunha pista de como avanzar cara aí pero é tremendamente difícil.

XVP: Non son tan optimista. Antes da chegada de combustibles fósiles, Galiza estaba toda explotada a nivel gandeiro, porque non existía esa aportación de enerxía fósil suplementaria. Cada vez que había un pequeno crecemento da poboación a xente tiña que emigrar alí onde se consumía máis enerxía fósil. O problema agora é que non temos territorio dispoñible para os que somos, porque está cultivado con piñeiros e eucaliptos. Hai territorios que o van pasar moito peor, e xa se están movendo, como a África Subsahariana. A cantidade de xente que vai chegar ao norte vai ser tremenda e o territorio non vai chegar. Vai haber cambios a peor nos próximos anos, con escenas moi duras. O que ocorra en USA sempre vai uns anos por diante a todos os niveis, e vemos como unha facción fascista está tomando o poder a todos os niveis, e iso vai ter consecuencias se non se para agora. Moitas veces cando se fala destas cousas, a xente di cando vai ocorrer iso, como se o colapso fose un momento concreto da historia da humanidade. O colapso é un proceso e ese proceso xa está ocorrendo. A ver o que se pode facer porque nos estamos quedando sen opcións.

